

Celga

Certificado
Lingua
Galega



3

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C3-B-01

PARTE 1 (Texto oral)

A continuación, vai escoitar dúas veces un programa radiofónico no que se tratan algunhas cuestións relacionadas co mundo laboral. Tome as notas que precise.

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1 minuto aprox.
<ul style="list-style-type: none">▪ Como se chama?▪ A que se dedica?▪ Canto tempo leva estudando galego?▪ Por que o estuda? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none">▪ Canto tempo leva en Galicia? Gústalle?▪ Que diferenzas atopa entre Galicia e a súa cidade de orixe?	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Faga un resumo do contido do programa que acaba de escoitar.</p> <ul style="list-style-type: none">▪ De que temas trata?▪ Que tipo de traballadores solicitan máis excedencias laborais?▪ Con que se relacionan as excedencias as máis das veces?▪ Para as empresas é doado establecer as quendas de vacacións dos seus empregados? Por que? Que criterios seguen?	
3. EXPOSICIÓN	4 minutos aprox.
<p>Realice unha exposición acerca da seguinte afirmación:</p> <p>A. “A xestión do tempo é fundamental na organización da vida laboral e persoal.”</p> <p>B. “Neste país cóntase cunha nova Lei Orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes.”</p> <p>C. “Para a organización das quendas de vacacións as leis favorecen aos pais, aos veteranos e aos empregados con máis antigüidade no cargo.”</p>	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

OPCIÓN A

“A xestión do tempo é fundamental na organización da vida laboral e persoal.”

- Que fai vostede para aproveitar mellor o tempo no seu traballo? E na súa vida persoal?
- Cre que é un punto tratado nos obxectivos e plans de empresas, oficinas etc?
- Que consellos lles daría a empregados e xefes sobre este tema?
- Coida que é máis importante a realización do traballo ou a presenza do empregado na empresa?
- Que diferenzas podemos atopar se opinamos como empregados ou como empresarios/xefes?
- *(Se procede)* Que semellanzas e/ou diferenzas observa neste tema entre Galicia e o seu lugar de procedencia?

OPCIÓN B

“Neste país cóntase cunha nova Lei Orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes.”

- Cre que este tipo de leis realmente favorece que deixen de existir as diferenzas sexistas?
- Coñece vostede algunha desas diferenzas? De que tipo? Que medidas proporía para que non as houbera?
- Que opina das baixas e permisos por maternidade e paternidade na sociedade actual?
- Que opina vostede da conciliación de vida laboral e familiar? Pensa que é posible en todos os casos?
- *(Se procede)* Que semellanzas e/ou diferenzas observa neste tema entre Galicia e o seu lugar de procedencia?

OPCIÓN C

“Para a organización das quendas de vacacións as leis favorecen aos pais, aos veteranos e aos empregados con máis antigüidade no cargo.”

- Que opina vostede desta lei? Considera que é xusta? Por que?
- Existe algunha outra categoría que para vostede debería reflectirse tamén na lei? Por que?
- Cre que se lles están restando dereitos ás persoas sen fillos? Por que?
- Cre que as empresas respectan esta orde de preferencia á hora de decidir as quendas de vacacións?
- Que diferenzas podemos atopar se opinamos como empregados ou como empresarios/xefes?
- *(Se procede)* Que semellanzas e/ou diferenzas observa neste tema entre Galicia e o seu lugar de procedencia?